<p><b>B5.12.</b> Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividade...).</p> <p><b>B5.13.</b> Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, intereses e próximos á súa idade.</p>	<p><b>PLEB5.13.</b> Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.</p>	<p><b>CCL</b> <b>CAA</b></p>

### 3. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

#### 3.1. 4º. Nivel de Educación Primaria: Lingua Estranxeira – Inglés

Os criterios de cualificación serán fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias claves e os obxectivos fixados.

No primeiro trimestre realizarase unha proba escrita de Avaliación Inicial cuxa finalidade é comprobar os obxectivos e as competencias claves que o alumno debeu adquirir ao finalizar o curso anterior nesta materia. Realizarase nas primeiras semanas do inicio do curso.

Dadas as circunstancias especiais deste curso, realizáronse exames orais e escritos para a primeira e segunda avaliacións.

Na 3ª. Avaliación non se poderán realizar exames deste tipo e avaliarase tanto a progresión do alumn@ nas dúas avaliacións anteriores coma o traballo on line que se faga na casa durante o período do estado de alarma.

Este traballo será sempre para mellorar as cualificacións dos alumn@s na 1ª. e 2ª. Avaliación.

A avaliación será formativa e continua, realizarase ao longo do proceso de aprendizaxe e permitirá coñecer a situación do alumno en cada momento de forma que poidan introducirse as adaptacións necesarias.

Os alumnos serán avaliados do 1 ao 10. Para aprobar a materia deberán obter na súa cualificación final unha nota mínima de 5 de acordo ós seguintes criterios de cualificación.

<b>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN</b>	
Nota da 1ª. Avaliación: Controis orais e escritos , participación en actividades comunicativas e actitude	<b>40%</b>
Nota da 2ª. Avaliación: Controis orais e escritos, participación en actividades comunicativas e actitude	<b>60%.</b>
Tarefas on-line de repaso, recuperación e ampliación.	<b>Mellora do resultado das calificacións anteriores</b>

#### **4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º. TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN)**

A área de Lingua Estranxeira debe introducir aos alumnos na aprendizaxe do Inglés como o adestramento para o uso activo do Inglés; para comunicarse no mundo real coa lingua que aprenderon.

A área de Lingua Estranxeira debe introducir aos alumnos na aprendizaxe do inglés centrado na comprensión e produción de textos centrados en contextos familiares para os alumnos desta idade, aproveitando os coñecementos previamente adquiridos e as capacidades e experiencias que posúe. Fomentárase un uso da lingua contextualizado en situacións comunicativas propias de diversos ámbitos e que permitan un uso da lingua real e motivador.

As actividades deste 3º. Trimestre adaptáronse ás características especiais da situación de emerxencia que estamos a vivir.

Utilizando a plataforma educativa BLINKLEARNING de Oxford, permitíuselle ós nosos alumn@s traballar de maneira on-line exercicios orais de xeito totalmente individualizado e respectando os tempos de aprendizaxe de cada alumn@. Tamén puideron facer os exercicios escritos, dándoselles a opción de autocorrexirse, para repasar contidos vistos con anterioridade e reafirmar así a aprendizaxe así como fichas de ampliación para o alumnado máis avanzado.

Para desenvolver a comprensión oral e a comprensión escrita, han de poñerse en xogo estratexias que permitan interpretar, valorar e relacionar a información que se transmite na vida cotiá. Deste xeito preténdese propiciar actitudes activas que favorezan o posterior desenvolvemento da capacidade crítica.

Os alumnos realizarán unha variedade de actividades, audición, interpretación, debuxo, colorear, relacionar, rodear, preguntar e dar información, etc.

As actividades tamén teñen como meta a satisfacción das necesidades de todos os tipos de aprendizaxe (visual, auditivo, táctil/cinestético) e teñen como obxectivo o desenvolvemento lingüístico dos alumnos, "aprendendo a aprender" e as súas habilidades sociais.

A integración das Competencias e as Intelixencias múltiples no área supón insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral ) e poñer en práctica estratexias didácticas que consideren as diferentes posibilidades de adquisición do alumno/a.

## **5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A través da plataforma dixital Blinklearning, a profesora poñerase en contacto mediante mensaxeira, con todos os seus alumn@s.

Ademais disto contamos con Abalar Mobil, correo electrónico e mesmo whatsapp.

Darase publicidade na páxina web do colexio.

## **5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A través da plataforma dixital Blinklearning, a profesora poñerase en contacto mediante mensaxeira, con todos os seus alumn@s.

Ademais disto contamos con Abalar Mobil, correo electrónico e mesmo whatsapp.

Darase publicidade na páxina web do colexio.

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP A IGREXA-CALO  
CURSO: 4º EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA  
DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN FÍSICA  
DATA: 27 de abril de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**



## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>B1.2. Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.</b>	<b>EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.</b>
<b>B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo/a e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</b>	<b>EFB1 3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz. EFB1 3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.</b>
<b>B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.</b>	<b>EFB2.2.1.Recoñece os dous tipos de respiración. EFB2.2.3. Coñece os músculos e articulacións principais que participan en movementos segmentarios básicos e no control postural.</b>
<b>B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</b>	<b>EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos e en actividades físico deportivas e artístico expresivas, intentando non perder o equilibrio e a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais. EFB3.1.2. Realiza a actividade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos e de actividades físico deportivas e artístico expresivas, intentando non perder o equilibrio e a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais. EFB3.1.3. Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas utilizando os segmentos dominantes. EFB3.1.5 Mantén o equilibrio en diferentes posicións.</b>
<b>B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.</b>	<b>EFB4.1.2. Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente. EFB4.1.3. Coñece e practica bailes e danzas sinxelas representativas da</b>

	cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica.
<b>B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara un mesmo ou mesma.</b>	<p><b>EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).</b></p> <p><b>EFB5.1.3. Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.</b></p> <p><b>EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados recoñecendo a súa importancia para saúde.</b></p> <p><b>EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma.</b></p>
<b>B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.</b>	<p><b>EFB5.2.1. Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.</b></p> <p><b>EFB5.2.2. Identifica a frecuencia cardíaca en repouso e realizando actividade física, na súa persoa.</b></p>
<b>B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.</b>	<b>EFB5.3.1. Ten en conta a seguridade na práctica da actividade física, sendo capaz de realizar o quecemento con certa autonomía.</b>
<b>B6.2. Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas en especial as de Galicia.</b>	<b>EFB6.2.2. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.</b>

### **Competencias imprescindibles:**

Competencia Dixital CD

Competencia para aprender a aprender CAA

Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía CMCCT

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor : CSIE

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b>  <b>Rexistro telemático da actividade e valoración positiva do interese mostrado nas propostas .</b></p>
	<p><b>Instrumentos:</b>  <b>Lista de control , rexistro multimedia e cuestionario de autoavaliación.</b></p>
<b>Cualificación final</b>	<p><b>Segundo as instruccións “A avaliación final das aprendizaxes do alumnado (...) realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades (...) realizadas dende a declaración do estado de alarma (...) sempre e cando beneficie oa alumnado”</b></p> <p><b>Dado o carácter continuo da avaliación terase en conta a nota do segundo trimestre , que se poderá incrementar nun máximo dun punto tendo en conta as tarefas realizadas durante o terceiro trimestre.</b></p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Avaliación de materia pendentas</b>	<p>Criterios de avaliación:</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Proposta de actividades semanais onde se xustifican os contidos do 1º e 2º trimestre a modo de repaso e reforzo coas adaptacións necesarias, así como algún contido do 3º trimestre susceptible tamén de adaptación dadas as circunstancias.</p> <p><b>Actividades:</b> que incidan sobre os compoñentes da condición física para a saúde (Resistencia Cardio-respiratoria, Forza-resistencia muscular, flexibilidade e composición corporal), combinadas coas habilidades motrices e coordinativas.</p> <p>Ademais das físicas incluímos outra serie de actividades : actividades musicais, creativas, en familia, de cocina, para ler, reflexionar, botar un sorriso... Para seguir protexendo a saúde, o estado de equilibrio físico, mental e social durante o tempo de confinamento.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p>Metodoloxía flexible, activa, dinámica, interactiva e fundamentalmente lúdica cun enfoque globalizador poñendo así de manifesto as relacións entre os contidos curriculares.</p> <p>Procedementos metodolóxicos adaptados ás circunstancias actuais pola súa característica de excepcionalidade (educación a distancia). Difusión dos contidos de xeito individualizado mediante a Aula Virtual da páxina web do centro e con comunicación bidireccional a través dunha conta de correo persoal.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<b>Recursos TIC (Aula Virtual, conta de correo persoal)</b>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<b>Aula virtual da páxina web do centro, conta correo persoal.</b>
<b>Publicidade</b>	<b>Publicación na páxina web do centro.</b>

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP A IGREXA- CALO  
CURSO: 4º DE PRIMARIA  
MATERIA: EDUCACIÓN MUSICAL  
DATA: 2 MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

# ÍNDICE

- 1. Estándares básicos, competencias imprescindibles, avaliación e cualificación.**
- 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).**
- 3. Información e publicidade.**

# ESTÁNDARES BÁSICOS, COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES, AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

<b>NIVEL</b>	4º PRIMARIA	<b>ÁREA</b>	Educación Musical (EM)
--------------	-------------	-------------	------------------------

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN		C.C.
						% peso	Procedementos de avaliación / Instrumentos de avaliación	
EM-B1.1	4º-EMB1.1.1 - Expressa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.	80% Ten facilidade para expresar os seus sentimentos sobre a musica.	X	X	X	6 %	<p><b>Procedementos:</b> Observación sistemática. Información obtida nos intercambios orais entre mestre e alumnos/as ou vía telemática.</p> <p><b>Instrumentos:</b> Anotacións do observado no día a día. Asemblea no foro da aula virtual.</p>	CCL CCEC
EM-B1.1	4º-EMB1.1.2 - Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.	70% Amosa con claridade os seus sentimentos ante unha peza musical.	X	X	X	6 %	<p><b>Procedementos:</b> Observación sistemática. Información obtida nos intercambios orais entre mestre e alumnos/as ou vía telemática.</p> <p><b>Instrumentos:</b> Asemblea. Posta en común no foro da aula virtual.</p>	CCL CCEC
EM-B1.1	4º-EMB1.1.3 - Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	70% É quen de escoitar en silencio e atentamente as obras musicais	X	X	X	6 %	<p><b>Procedementos:</b> Observación sistemática.</p> <p><b>Instrumentos:</b> Anotacións do observado no día a día durante os dous primeiros trimestres.</p>	CSC



EM-B1.1	4º-EMB1.1.4 - Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia.	80% Recoñece e respecta o patrimonio musical galego	X	X	X	5 %	<p><b>Procedementos:</b> Anotacións das observacións. Información obtida nos intercambios orais entre mestre e alumnos/as tanto na aula como vía telemática.</p> <p><b>Instrumentos:</b> Proba oral e/ou escrita. Asemblea no foro da aula virtual.</p>	CCEC CAA
EM-B1.2	4º-EMB1.2.1 - Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.	60% Recoñece a información máis importante dos elementos da linguaxe musical das manifestacións musicais e sons da contorna.	X	X	X	5 %	<p><b>Procedementos:</b> Observación sistemática. Información obtida nos intercambios orais entre mestre e alumnos/as.</p> <p><b>Instrumentos:</b> Anotacións do observado no día a día durante os dous primeiros trimestres.</p>	CCL CCEC
EM-B1.3	4º-EMB1.3.1 - Distingue e clasifica tipos de voces e Instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.	60% É quen de diferenciar entre voces e Instrumentos e entre agrupacións vocais e instrumentais facendo unha clasificación dos mesmos.	X	X	X	5 %	<p><b>Procedementos:</b> Anotacións das observacións. Análise de gravacións escoitadas..</p> <p><b>Instrumentos:</b> Proba oral e/ou escrita. Gravación e análise.</p>	CAA CCEC
EM-B1.3	4º-EMB1.3.2 - Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.	60% É quen de diferenciar nunha obra musical a velocidade, intensidade, ...	X	X	X	4 %	<p><b>Procedementos:</b> Información obtida nos intercambios orais entre mestre e alumnos/as. Preguntas online directas.</p> <p><b>Instrumentos:</b> Asemblea. Preguntas online abertas e pechadas.</p>	CCL CCEC
EM-B1.3	4º-EMB1.3.3 - Identifica, clasifica e completa os compases traballados.	50% Traballa con certa autonomía os compases estudados.	X	X	X	4 %	<p><b>Procedementos:</b> Anotacións das observacións durante os dous primeiros trimestres.</p> <p><b>Instrumentos:</b> Proba oral e/ou escrita.</p>	CCEC CMCCT
EM-B1.4	4º-EMB1.4.1 - Identifica de xeito visual e auditivo os Instrumentos.	80% Identifica os Instrumentos tanto de forma visual como auditiva.	X	X	X	6 %	<p><b>Procedementos:</b> Análise de gravacións escoitadas.. Anotacións das observacións durante os dous primeiros trimestres.</p> <p><b>Instrumentos:</b> Gravación e análise. Proba escrita vía online.</p>	CAA CCEC

EM-B1.4	4º-EMB1.4.2 - Clasifica os Instrumentos por familias: vento, corda e percusión.	80% Diferenza os Instrumentos traballados por familias.	X	X	X	6 %	<p><b>Procedementos:</b> Preguntas directas. Anotacións das observacións. Observación sistemática.</p> <p><b>Instrumentos:</b> Preguntas abertas e pechadas. Proba oral e/ou escrita. Anotacións das observacións.</p>	CAA CCEC
EM-B1.4	4º-EMB1.4.3 - Procura información, organiza e preséntaa sobre a música e os Instrumentos doutras culturas.	70% Ten facilidade para buscar información sobre musicas e Instrumentos doutras culturas.	X	X	X	4 %	<p><b>Procedementos:</b> Análise dos traballos realizados polos alumnos/as.</p> <p><b>Instrumentos:</b> Investigacións.</p>	CCEC CAA CSIEE CD
EM-B1.5	4º-EMB1.5.3 - Representa graficamente, con linguaxe musical convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.	60% É quen de facer sen erros, ditados musicais (rítmicos e melódicos moi sinxelos)	X	X	X	4 %	<p><b>Procedementos:</b> Análise de gravacións escoitadas.. Anotacións das observacións.</p> <p><b>Instrumentos:</b> Gravación e análise. Proba oral e/ou escrita.</p>	CAA CCEC
EM-B1.5	4º-EMB1.5.4 - Utiliza aplicacións informáticas para representar ou realizar tarefas de análise e produción musical.	50% É quen de empregar medios informáticos para representar ou realizar tarefas musicais.		X	X	4 %	<p><b>Procedementos:</b> Análise dos traballos realizados polos alumnos/as.</p> <p><b>INSTRUMENTOS:</b> Anotacións varias.</p>	CCEC CD
EM-B2.1	4º-EMB2.1.1 - Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.	60% Le e interpreta partituras sinxelas.	X	X	X	4 %	<p><b>Procedementos:</b> Observación sistemática. Anotacións das observacións durante os dous primeiros trimestres.</p> <p><b>Instrumentos:</b> Anotacións do observado no día a día. Proba online escrita.</p>	CCEC CAA

EM-B2.1	4º-EMB2.1.2 - Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.	65% Representa mediante linguaxe musical melodías e ritmos sinxelos.	X	X	X	3 %	<b>Procedementos:</b> Análise dos traballos realizados polos alumnos/as. <b>Instrumentos:</b> Producións musicais. Caderno de clase.Libreta de pentagramas.	CCEC CAA
EM-B2.1	4º-EMB2.1.3 - Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento	75% Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con variedade de Instrumentos.	X	X	X	3 %	<b>Procedementos:</b> Análise dos traballos realizados polos alumnos/as. Análise de gravacións escoitadas. <b>Instrumentos:</b> Producións musicais. Gravación e análise.	CCEC CAA CSC
EM-B2.1	4º-EMB2.1.4 - Analiza a interpretación e valora o resultado, amosando interese por mellorar.	70% Amosa interese por mellorar as súas interpretacións.	X	X	X	5 %	<b>Procedementos:</b> Observación sistemática. <b>Instrumentos:</b> Anotacións do observado nos anteriores trimestres e valoración das gravacións do terceiro.	CAA CSC
EM-B2.2	4º-EMB2.2.2 - Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	50% Interésase pola interpretación tanto colectiva como individualmente de obras.	X	X	X	4 %	<b>Procedementos:</b> Análise dos traballos realizados polos alumnos/as. Observación sistemática. <b>Instrumentos:</b> Producións musicais. Anotacións do observado no día a día durante os dous primeiros trimestres.	CSC
EM-B2.3	4º-EMB2.3.1 - Emprega Instrumentos materiais, dispositivos electrónicos e recursos informáticos para crear pezas musicais sinxelas para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.	70% Emprega diversos Instrumentos para crear pezas musicais sinxelas.		X	X	3 %	<b>Procedementos:</b> Análise dos traballos realizados polos alumnos/as. <b>Instrumentos:</b> Producións musicais. Producións informáticas.	CD CAA CSIEE

EM-B3.1	4º-EMB3.1.1 - Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social.	70% Emprega o seu corpo como instrumento para expresar os seus sentimentos.	X	X	X	4 %	<p><b>Procedementos:</b> Análise dos traballos realizados polos alumnos/as. Observación sistemática do movemento nos dous primeiros trimestres.</p> <p><b>Instrumentos:</b> Producións motrices. Anotacións do observado no día a día nos pasados trimestres na aula.</p>	CCEC
EM-B3.2	4º-EMB3.2.1 - Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	70% Coordina axeitadamente os seus movementos para interpretar danzas.	X	X	X	5 %	<p><b>Procedementos:</b> Análise dos traballos realizados polos alumnos/as.</p> <p><b>Instrumentos:</b> Producións motrices. Gravacións e vídeos.</p>	CCEC CAA
EM-B3.2	4º-EMB3.2.3 - Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	80% Aмоса interese por interpretar danzas de varias culturas.	X	X	X	4 %	<p><b>Procedementos:</b> Observación sistemática. Análise dos traballos realizados polos alumnos/as.</p> <p><b>Instrumentos:</b> Anotacións do observado no día a día. Producións motrices. Gravacións e vídeos.</p>	CCEC CSC

## CUALIFICACIÓN FINAL

Para obter a cualificación final da área de Educación Musical, que é unha materia eminentemente práctica e visual, baseareime no observado durante o primeiro e o segundo trimestres principalmente. Durante este terceiro trimestre procurarei que afiancen contidos máis teóricos a través de aplicacións informáticas, páxinas de didáctica musical e vídeos variados. Tamén pedirei ao alumnado gravacións, se é posible, ou algún vídeo caseiro para valorar certos aspectos.

Valorarei a participación nas diferentes actividades a través do foro da Aula Virtual e os comentarios no Blogue de Música: <https://ceipdecalomusica.blogspot.com/>

## 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	Neste último trimestre as tarefas a realizar polo alumnado van a ser eminentemente actividades de repaso dos contidos acadados nos dous primeiros trimestres, reforzando e incidindo un pouco máis naqueles que considero que puideron quedar algo máis no aire. Estudaremos novamente certos conceptos da teoría musical para que todo o alumnado poida ter a mesma base fronte ao feito musical. Aplicarei todos os reforzos que sexan necesarios na miña materia, coa axuda dos especialistas de AL e PT.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	O alumnado que dispón de conectividade xa realiza as prácticas musicais correspondentes a cada apartado e son capaces de reenviarme os formularios musicais ou vídeos correspondentes. O alumnado sen conectividade será avaliado en función do seu labor durante o primeiro e segundo trimestres. Manteño contacto cos titores de todos os grupos e xa me informan das diferentes situacións na casa.
<b>Materiais e recursos</b>	Aplicacións dixitais, páxinas web sobre a didáctica da educación musical, vídeos de Youtube, Vimeo... Emprego de cuestionarios online (Ex. Google Formularios) e actividades en rede (Educaplay)...etc.

## 3. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Para informar ao alumnado de cada curso empregarase o sistema de abalarMóbil e a comunicación cos titores de cada grupo. Ademais a programación modificada estará publicada tamén no meu blogue de Educación Musical: <a href="https://ceipdecalomusica.blogspot.com/">https://ceipdecalomusica.blogspot.com/</a>
<b>Publicidade</b>	Dita programación será entregada ao equipo directivo do Ceip de Calo, o cal publicará todas as programacións na páxina web do centro.

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP "A IGREXA - CALO  
MATERIA: RELIXIÓN  
DEPARTAMENTO: RELIXIÓN  
DATA: 12 DE MAIO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## Curso: 4º de primaria

### ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.



<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
Identificar a necesidade do perdón para ser feliz.	Lembra e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan do perdón CCL CSC CAA.
Coñecer as características do perdón de Deus.	Descubre as características do perdón de Deus CCL CEC..
Comprender o significado dalgunhas parábolas do perdón	Analiza relatos onde actualiza as parábolas do perdón. CCL CSC SIEEP
Memorizar algunhas das accións onde Xesús concede o perdón.	Visualiza esceas de perdón e as explica. CCL CSC
Aprender historias bíblicas nas que Deus promete o Mesías (A figura Virxe María)	Reconstrúe esceas da vida de María. CCL CEC
Coñecer rasgos da Pascua e Pentecoste como tempos litúrxicos	Distingue os tempos de Pascua e Pentecoste CEC CCL

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b>            Valoración da elaboración de traballos específicos feitos polo alumnado.</p>
	<p><b>Instrumentos:</b>            Análise dos traballos dos alumnos e das alumnas.</p> <p>Na PXA remitida a principios do actual curso sinalabamos como os procedementos e instrumentos que utilizaríamos para avaliar ao alumando: a observación diaria, a análise dos traballos dos alumnos (“ficheiro”, “carpeta”, outros traballos...), as “probas orais” (diálogo, debates, entrevistas...) e as probas específicas (obxectivas, tanto de xeito oral como escrito); nos momentos actualmente vividos a redución a un único instrumento é o máis viable.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Nota media da 1ª e 2ª avaliación incrementada ata 1 punto coa valoración dos traballos feitos na 3ª avaliación.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Non se da esta circunstancia</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p><b>Criterios de avaliación:</b></p> <p>Non se da esta circunstancia</p>
	<p><b>Criterios de cualificación:</b></p> <p>Non se da esta circunstancia</p>
	<p><b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b></p> <p>Non se da esta circunstancia</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Visionado webs con relatos, explicacións, cancións, xogos...            Exercicios nas webs (unir, rodear, relacionar...)            Diversas fichas (ler, completar, manualidades, pintar...)            A meirande parte das actividades son de repaso, reforzo e ampliación (en este orden)</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Intentamos seguir unha metodoloxía <i>individualizada</i> tendo en conta o coñecemento do alumnado que nos dan os primeiros trimestres, razón pola que nos bloques de actividades enviadas semanalmente hai exercicios diferentes con diversos grados de dificultade e interese. Así mesmo intentamos ter presente as idades, as circunstancias do neno ou nena, a situación especial na que nos encontramos e os intereses do alumnado. As actividades terán diferente carga de contido, sendo precisas para a adquisición das competencias máis básicas e serán atractivas e amenas. Insistimos en que se fará unha gradación das actividades; estas son diversas e pórase énfase na consecución das competencias, entendendo estas como o elemento guía. Entendendo sempre que a metodoloxía será <i>activa</i> variará e se adaptará o nivel de coñecementos e evolución dos protagonistas, que son os nenos e as nenas. Pretendemos asegurar aprendizaxes <i>significativos</i> así como favorecer a aprendizaxe <i>autónoma</i>.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	Webs, fichas.

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>A través do correo electrónico corporativo establécese a comunicación coas familias e o alumnado.            Disposición a facilitar a comunicación coas familias e o alumnado a través do teléfono persoal.            Disponibilidade a facilitar a comunicación coas familias e o alumnado a través de videoconferencias.</p>
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na aula virtual do centro.